



REGULAMENTO DE ASOCIACIÓN DE ANTIGOS/AS ESTUDANTES DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado no Consello de Goberno do 20 de xullo de 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 19 do Real decreto 1791/2010, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, reconece o dereito dos/as antigos/as estudantes a se agruparen en asociacións, que se deberán rexistrar nas universidades segundo os requirimentos e procedementos que estas determinaren. Con ese fin, ao ser o asociacionismo de antigos/as estudantes unha realidade consolidada na Universidade da Coruña, estímase conveniente dotar este fenómeno dunha regulamentación propia co fin de o fomentar e ordenar.

Por esa razón, a Universidade da Coruña, no marco da súa autonomía normativa e a través do seu Consello de Goberno, vén de aprobar o presente regulamento, co fin de canalizar a creación, o desenvolvemento e a promoción da Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña, recoñecéndolle plena autonomía funcional e económica, sempre dentro do respecto ao ordenamento xurídico e ás normas propias da nosa institución.

CAPÍTULO I

CONDICIÓN XERAIS PARA O RECOÑECEMENTO DA ASOCIACIÓN DE
ANTIGOS/AS ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 1

De conformidade co que dispón a lexislación de asociacións e o artigo 67 do RD 1761/2010, créase o Rexistro de Asociacións de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña, baixo a responsabilidade da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Artigo 2

Non poderán ser rexistradas como asociacións representativas do antigo alumnado da Universidade da Coruña aquelas que teñan ánimo de lucro ou estean conformadas por estudantes non egresados/as.

Artigo 3

Con pleno respecto polos principios de participación e representación democrática e a liberdade de asociación, a Universidade da Coruña recoñecerá unha das asociacións rexistradas por antigos/as estudantes como canle preferente de relación entre a Universidade e o seu antigo estudantado. Este recoñecemento efectuarase por medio de acordo do Consello de Goberno.

Artigo 4

A Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña rexerese polos seus propios Estatutos que se axustarán, en todo caso, aos preceptos legais que lle foren de aplicación, a este regulamento e ao resto da normativa propia da Universidade da Coruña.



Artigo 5

Poderán pertencer á Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña todas aquelas persoas que estivesen matriculadas polo menos un ano académico en calquera das materias e das disciplinas que integran os plans de estudo das diferentes titulacións e programas, oficiais ou propios, que se imparten en calquera dos seus centros ou departamentos, incluídas as matriculadas en proxectos de fin de carreira e programas de doutoramento, ben como as que defendesen a súa tese de doutoramento na Universidade da Coruña.

A acreditación das anteriores condicións farase mediante unha declaración asinada pola persoa interesada ou, se así se requirir de forma expresa e xustificada, documentalmente.

Artigo 6

Poderán seren membros de honra da asociación aquelas persoas que, polo seu prestixio ou por teren contribuído dun xeito relevante á dignificación ou ao desenvolvemento da Asociación ou da Universidade da Coruña, mereceren tal distinción. A designación dos membros de honra corresponderalle ao Consello de Goberno, por proposta da Comisión de Extensión Universitaria.

Artigo 7

Antes do 31 de maio de cada ano, a Asociación remitiralle á Comisión de Extensión Universitaria unha memoria das actividades desenvolvidas no ano inmediatamente anterior.

CAPÍTULO II

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO COMO ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 8

Para o recoñecemento da Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña será requisito imprescindible a súa constitución previa consonte as disposicións legais vixentes en materia asociativa, que se materializarán xuridicamente mediante unha Acta Fundacional, formalizada en documento público ou privado en que consten, de maneira inequívoca, os seguintes aspectos:

- a) Nome e apelidos dos promotores/as ou das socias ou socios fundadores da Asociación, a súa nacionalidade, enderezo e vinculación coa Universidade da Coruña de conformidade co que dispón o artigo 4 deste regulamento.
- b) A declaración da vontade de todos os seus membros fundadores con capacidade de obrar, de serviren sen ánimo de lucro á promoción da educación superior, ao desenvolvemento do coñecemento científico, cultural, artístico ou deportivo da Universidade da Coruña.
- c) Os Estatutos aprobados que rexerán o funcionamento da Asociación, cuxo contido estará axustado ás prescricións do artigo 3.
- d) Lugar e data da súa constitución, e sinatura dos promotores e promotoras.
- e) Designación das persoas integrantes dos órganos provisionais de goberno.

Artigo 9

Os Estatutos constitúen a norma fundamental que rexerá a vida da Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña e deberán conter, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Denominación da Asociación
- b) Domicilio da Asociación
- c) Ámbito de actuación
- d) Fins específicos das actividades universitarias da Asociación
- e) Dereitos e deberes das persoas asociadas
- f) Órganos directivos e formas de Administración
- g) Patrimonio fundacional e recursos económicos, de ser o caso, que existiren inicialmente
- h) Procedemento de adquisición e perda da condición de asociado/a
- i) Aplicación que se lle teña que dar ao seu patrimonio en caso de disolución que, en todo caso, deberá aterse ao que considera a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Artigo 10

A Asociación terá unha Sección Permanente no Campus de Ferrol. Ademais, poderanse constituír seccións da Asociación en cada un dos centros, propios ou adscritos, da Universidade da Coruña. En colaboración cos decanatos e direccións correspondentes, a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria velará porque se asegure a estas seccións un espazo adecuado para o desenvolvemento das súas actividades, dependendo da dispoñibilidade de cada centro.

Artigo 11

De se incumpriren as condicións establecidas no artigo anterior, a Vicerreitoría de Estudantes formularalles un requirimento ás persoas responsables da sección para que, no prazo de 10 días naturais, xustifiquen ou emenden os eventuais incumprimentos. De persistiren estes, logo da instrución dun procedemento contradictorio, poderanse retirar os beneficios recoñecidos á sección.

Artigo 12

Logo da solicitude á dirección do centro correspondente, a Asociación de Antigos/as Estudantes poderá utilizar as infraestruturas e os espazos da Universidade da Coruña para o desenvolvemento das súas actividades.

Artigo 13

A denominación oficial da Asociación será Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña (co nome abreviado, ALUMNI UDC). A denominación da delegación do campus de Ferrol será ALUMNI CAMPUS DE FERROL. A denominación das outras seccións será ALUMNI-nome do centro UDC.

Artigo 14

A Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña utilizará o galego como lingua de uso normal para o desenvolvemento das súas actividades aplicando, para estes efectos, o Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, aprobado no Consello de Goberno o 22/07/2004.

CAPÍTULO III

DOS DEREITOS E DEBERES DA ASOCIACIÓN DE ANTIGOS/AS ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 15

A Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña terá dereito a:

- a) Participar, cos límites fixados neste regulamento e en consonancia coa normativa de aplicación da propia universidade, na vida cultural, académica, intelectual, deportiva e orgánica da Universidade da Coruña.
- b) Obter o apoio da Universidade para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) Organizar, cos límites fixados neste regulamento e demais normativa de aplicación, cantas actividades foren precisas para o cumprimento dos seus fins estatutarios.
- d) Obter información das actividades e iniciativas da Universidade.
- e) Dispor dunha ligazón directa desde a páxina web oficial da Universidade.

Artigo 16

As socias e socios da Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña terán dereito a:

1. Acceder á biblioteca universitaria coas limitacións que, para o acceso ás bases de datos e coleccións dixitais, estableza o servizo de biblioteca.
2. Acceder ás actividades de extensión universitaria nas condicións preferenciais que se establezan.

Artigo 17

A Asociación de Antigos/as Estudantes da Universidade da Coruña deberá:

1. Cumprir o presente regulamento e o resto da normativa propia da Universidade da Coruña.
2. Desenvolver as súas actividades con pleno respecto ao ordenamento xurídico.
3. Facilitarlle á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria canta información se lle requira en relación coas axudas e coas subvencións recibidas pola Universidade, ben como calquera outro documento que xustificadamente se lle requirir.
4. Facer un bo uso dos medios e das instalacións que a Universidade poña ao seu dispor.
5. Apoiar a Universidade da Coruña cos recursos materiais e morais ao alcance da Asociación para contribuír á súa mellora e desenvolvemento.
6. Defender e promover a dignidade e o prestixio da institución universitaria.
7. Colaborar activamente na incorporación laboral do alumnado da Universidade da Coruña e na captación de novos estudantes.
8. Realizar, en colaboración coa Universidade, actividades culturais ou de interese social.
9. Impulsar actividades de mecenado que teñan como destino a Universidade da Coruña.
10. Impulsar calquera outra iniciativa que sirva para estreitar as relacións entre a sociedade e a Universidade da Coruña.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

ÚNICA

En todo o non previsto por este regulamento aplicarase o que dispón a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e, no seu defecto, o Código civil.

DISPOSICIÓNS FINAIS

ÚNICA

A entrada en vigor do presente regulamento producirase ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.